

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO
LINGUA GALEGA E LITERATURA

CPI ANTONIO ORZA COUTO
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
CURSO 2021-2022

ÍNDICE

| | |
|--|-----|
| 1. Introducción e contextualización..... | 4 |
| 1.1. Introducción..... | 4 |
| 1.2. Contextualización..... | 5 |
| 1.3. Departamento..... | 6 |
| 2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave..... | 7 |
| 3. Concreción dos obxectivos..... | 9 |
| 3.2. Obxectivos por curso..... | 10 |
| 3.2.1. Obxectivos de área de 1º ESO..... | 10 |
| 3.2.2. Obxectivos de área de 2º ESO..... | 12 |
| 3.2.3. Obxectivos de área de 3º ESO..... | 15 |
| 3.2.4. Obxectivos de área de 4º ESO..... | 17 |
| 4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe..... | 19 |
| 4.1. Táboas estándares, graos mínimos e temporalización..... | 19 |
| 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación..... | 86 |
| 5. Concrecións metodolóxicas..... | 88 |
| 6. Materiais e recursos didácticos..... | 89 |
| 7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación..... | 90 |
| 7.1. Criterios de cualificación trimestral..... | 90 |
| 7.2. Criterios de promoción..... | 92 |
| 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente..... | 93 |
| 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente..... | 95 |
| 10. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas a adoptar como consecuencia dos resultados..... | 95 |
| 11. Medidas de atención á diversidade..... | 97 |
| 12. Elementos transversais..... | 99 |
| 13. Actividades complementarias programadas..... | 100 |
| 14. Acción de contribución ao Proxecto Lector..... | 100 |
| 15. Acción de contribución ao Plan TIC..... | 105 |
| 16. Acción de contribución ao Plan de Convivencia..... | 106 |
| 17. Acción de contribución ao Proxecto Lingüístico..... | 107 |

| | |
|---|-----|
| 18. Mecanismos de revisión , avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora..... | 108 |
|---|-----|

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. INTRODUCCIÓN

A materia de lingua galega e literatura na ESO oríentase tanto á **aprendizaxe instrumental** do idioma como á comprensión da **realidade lingüística de Galicia**, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio e de sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social. Amais diso ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. A tal fin perséguese capacitar a ese alumnado na interacción nas máis diversas situacións comunicativas, na produción correcta, creativa e adecuada ao contexto das máis diversas mensaxes.

A aprendizaxe de Lingua Galega e Literatura na ESO estará orientada a un **tríplo obxectivo**: o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos xa adquiridos na educación primaria, o coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua e o coñecemento da literatura galega (etapas, autores e obras), como manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións. Consideramos que todas as áreas lingüísticas que buscan o desenvolvemento e a mellora da capacidade de comprensión e expresión deberían participar dun marco de referencia común e duns criterios didácticos coherentes, respectando a especificidade de cada unha delas.

A **formación lingüística** ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade coa que se traballan. Malia esa dificultade, derivada do carácter progresivo na aprendizaxe dunha lingua, na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

A reflexión sobre o código, como base para o uso práctico, semella a fórmula máis axeitada para conseguir a competencia comunicativa oral e escrita do alumnado, que deberá incluír

os inevitables aspectos teóricos. Tamén ten un papel de relevo a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos e obras que resulten de interese para alumnas e alumnos. O estudo da literatura abordarase desde distintas perspectivas. En concreto, debe contribuír á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos en que prime a dimensión estética, sexan percibidos como fonte de pracer e de enriquecemento persoal ou como manifestación dunha cultura diferenciada. Doutra banda, o estudo da literatura posibilita ou acrecenta o gusto pola lectura, mellora as capacidades de comprensión e interpretación das mensaxes lingüísticas e incrementa o espírito crítico no alumnado.

A presente programación didáctica ten o seu marco legal no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se ten en conta o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e a Resolución do 17 de xuño de 2021, da secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022. Asimesmo, téñense en conta as disposicións legais ocasionadas pola pandemia do COVID 19, o Regulamento de Réxime Interno do Centro e o Proxecto Curricular do Centro.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Concello de Boqueixón está situado entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla. Limita ó norte cos municipios do Pino e Santiago, ó sur co de Vedra e coa provincia de Pontevedra, ó leste co de Touro e coa provincia de Pontevedra e ó oeste cos de Santiago e Vedra.

Ten unha superficie de 70,1 km e unha poboación en torno ós 4206 habitantes (segundo datos do INE 2020), agrupados en 14 parroquias pertencentes á arquidiocese de Santiago, con 105 entidades de poboación. Estas parroquias son: Boqueixón, Codeso, Donas, Gastrar, A Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, e Oural, Pousada, Sergude, Sucira e Vigo. A capital do municipio é o lugar de O Forte, que dista 15 km de Santiago e 85 km da capital da provincia. Os núcleos máis poboados son Sergude, Oural e Lestedo.

O concello amosa unha estrutura poboacional con trazos propios dunha área rural, destacando a poboación ocupada no sector servizos e na agricultura. A gandeiría, baseada na pequena explotación de tipo leiteiro, ocupa a numerosas persoas da comarca. A porcentaxe de poboación desocupada alcanza o 7,04% (dato de agosto de 2021). A súa procedencia denota unha alta porcentaxe do uso da lingua galega falada de todos os niveis xeracionais.

Nas aulas o 100 % do alumnado entende o galego aínda que cómpre sinalar que, aínda que nun número reducido, estase a constatar a presenza de alumnos que teñen como lingua habitual o castelán; son monolingües en castelán en todos os contextos orais, aínda que nas probas escritas mostran un uso máis ou menos correcto da lingua galega. É alumnado que apenas fai uso do idioma galego na aula como lingua de comunicación e relación entre compañeiros e entre o alumno / profesor. Ademais temos casos de alumnado galegofalante que ante a presenza destes alumnos monolingües en castelán están a pasarse ó castelán desbotando o galego do seu uso habitual. En consecuencia cómpre realizar a tarefa de asentar a autoestima do alumnado galegofalante así como introducir o minoritario alumnado castelanfalante no uso, especialmente no plano oral, da nosa lingua. Tamén é preciso insistir na distinción entre as formas propias e as alleas, pois este é o aspecto en que o alumnado demostra maior dificultades, cun léxico inzado de interferencias.

1.3. DEPARTAMENTO

O Departamento durante o curso escolar 2021-22 está formado unicamente pola profesora María Fe Pérez García que imparte Lingua galega e literatura nos 4 cursos de ESO:

| Grupo | Nº de alumnos | Sesións semanais |
|----------|--|------------------|
| 1º ESO | 23 | 4 sesións |
| 2º ESO A | 15 | 3 sesións |
| 2º ESO B | 16 | 3 sesións |
| 3º ESO | 26 (desdoblados en dous grupos de 13 alumnos) | 3 sesións |
| 4º ESO | 24 | 3 sesións |

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos da programación LOMCE na materia de Lingua e Literatura Galega, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- g) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

A contribución da nosa materia ao desenvolvemento das competencias clave é a seguinte:

Competencia en comunicación lingüística (CCL): A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas, son todas elas actividades que contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.

Competencia dixital (CD): A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual a través da rede; a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital; a utilización das distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas; o manexo das ferramentas dixitais para a construción de coñecemento; e a aplicación de criterios éticos no uso das tecnoloxías permiten desenvolver esta competencia.

Competencia para aprender a aprender (CAA): A identificación das potencialidades persoais como aprendiz (estilos de aprendizaxe, funcións executivas...); a xestión dos recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe; a creación de estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe; o uso de estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente; o desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos; e a toma de conciencia dos procesos de aprendizaxe son fundamentais para traballar esta competencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC): Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e do devenir da mesma. E a isto aínda podemos engadir como maneiras de contribuír a esta competencia o desenvolvemento da capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e o recoñecemento da riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): A optimización dos recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias, a asunción das responsabilidades encomendadas, o ser constante no traballo, superando as dificultades; a aceptación de axuda en función das dificultades da tarefa, a xestión do traballo en grupo, coordinando tarefas e tempos; a optimización do uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos; e a mostra de iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas son imprescindibles para contribuír a esta competencia.

Conciencia e expresións culturais (CCEC): Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento; valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural; expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos; apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián; e elaborar traballos e presentacións con sentido estético son as accións que realizaremos na nosa materia para cooperar con esta competencia clave.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): O respecto e coidado do medio, o uso responsábel dos recursos naturais, o consumo racional e crítico son elementos para a calidade de vida. Ademais, manexar elementos matemáticos e aplicar o razoamento lóxico para a resolución de problemas son fundamentais na educación de todas as persoas.

Na materia de Lingua e literatura galega potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo da materia, deberán deseñarse actividades de

aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS NA ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- M) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. OBXECTIVOS DO CURSO

3.2.1. OBXECTIVOS DE ÁREA DE 1º ESO

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.

3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.

23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

3.2.2. OBXECTIVOS DE ÁREA DE 2º ESO

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.

6. Elabora argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenrolar estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.

20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.
33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.

37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analizalos en diferentes obras de cine.

3.2.3. OBXECTIVOS DE ÁREA DE 3º ESO

- 1.-Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.

7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha cada vez máis fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuizos estéticos.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
13. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuizos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados en clase.

3.2.4. OBXECTIVOS DE ÁREA DE 4º ESO

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.

12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

4. CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Nos seguintes cadros especificanse os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as competencias clave, o grao mínimo de consecución dos estándares e a temporalización.

4.1. TÁBOAS ESTÁNDARES, GRAOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | | | |
|---|--|--|--|--|---|-----------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización |
| Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | Comprender as noticias de actualidade. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | Recoñecer a información importante dun texto sinxelo e saber resumilo. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | Extraer a idea xeral e os datos máis relevantes dun texto oral. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | Ser capaz de realizar tarefas de xeito autónomo seguindo unhas instrucións. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC | Falar en público de xeito respectuoso. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE | Falar en público coa entoación, pausas, ton, timbre e volume adecuados. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos me- | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | Entender un programa informativo. | Todo o curso |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | | | |
|--|--|--|---|--|--|---------------------|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h | <p>dios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.</p> | <p>medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA | <p>Extraer conclusións sobre o tratamento das noticias por diferenes medios de comunicación.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC | <p>Rexeitar prexuízos lingüísticos.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE | <p>Saber seleccionar os contidos importantes das informacións dixitais.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CSIEE | <p>Empregar as TIC para facer presentacións moi sinxelas.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | <p>Pronunciar con corrección.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA | <p>Rexeitar os prexuízos asociados á pronuncia galega.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC | <p>Usar a variedade dialectal.</p> | <p>Todo o curso</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención co- | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC | <p>Expresarse en público con corrección e coherencia.</p> | <p>Todo o curso</p> |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | | | |
|--|---|--|---|---|--|-----------------|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h | comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | e corrección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | Falar con corrección pronunciando as sete vogais, o n velar e a fricativa palatal xorda. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | Empregar fraseoloxía galega. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | Empregar un léxico variado nas intervencións. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC | Intervir en debates respectando as regras. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC | Atender as instrucións en debates e coloquios. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA | Utilizar léxico formal nas producións orais. | Todo o curso |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE | Diferenciar un discurso formal dun espontáneo. | Todo o curso |
Se o/a alumno/a non puidese presentarse a unha proba escrita na data sinalada deberá achegar un xustificante ou avisar de antemán (se fose posible) da súa ausencia á profesora. Dita proba realizarase nos días posteriores á súa incorporación á aula.

b) Ao longo do trimestre faranse traballos escritos/orais (redaccións, comentarios, exposicións orais, presentacións dixitais...) cunha valoración do 15% da nota final. Cada exercicio será valorado de 0 a 1.

c) Libro de lectura: o alumnado lerá ao longo de cada trimestre un libro de lectura (obra literaria proposta pola profesora) que terá un peso de 1'5 puntos. Avaliarase a comprensión da obra e o seu significado a través dunha proba escrita. Valorarase a expresión escrita ou oral á hora de realizar a proba en cuestión .

d) En 1º ESO cada alumno disporá dun caderno no que se recollerán todas as actividades de grupo e individuais. O caderno pedirase cando a profesora considere oportuno, e o alumno deberá levalo ao día, e corrixir as actividades, se procede, despois das postas en común. Valorarase a orde, presentación, caligrafía, contido do mesmo.

* Traballo lectura voluntaria: cada alumno/a terá a posibilidade de subir 0,5 puntos na nota final de cada avaliación lendo un libro voluntario dunha lista que a profesora lles proporciona a cada curso (pode verse a lista no apartado 14 de Contribución ao Proxecto Lector) e facendo un traballo.

O traballo de aula, o estudo e a realización das tarefas na casa considéranse un deber por parte do alumnado. A atención, o uso da lingua galega na clase, a interacción positiva cos compañeiros e, en xeral, a boa actitude cara a materia considérase xunto co estudo e a realización das tarefas da casa unha obriga para o bo funcionamento da aula e unha condición necesaria para progresar na aprendizaxe da materia. Polo tanto, o Departamento establece que calquera falta que a profesora detecte neste sentido por parte do alumnado levará consigo unha penalización. Así, cando un alumno/a non traia as tarefas de casa feitas, non atenda en clase, teña unha actitude negativa puntual, non empregue a lingua galega para expresarse na clase ou non participe nas actividades propostas, será penalizado cunha falta que equivale a 0,25 menos na súa nota da avaliación por cada negativo.

Nos traballos e exames escritos pode haber reducións da nota de ata 1 punto debido a incorreccións lingüísticas cometidas na súa redacción, tendo en conta a seguinte tipificación e valoración:

- ◆ Graves (- 0,1 puntos cada erro): solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (castelanismos), uso de maiúsculas e uso das letras (b/v, h, y...), falta de concordancia, redacción sen sentido, uso de tempos compostos, colocación do pronome átono...
- ◆ Leves (- 0,05 puntos cada erro): uso de s/x, acentuación, puntuación e solucións galegas

alleas ao estándar vixente, (dialectalismos e vulgarismos).

Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior.

7.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Na **avaliación ordinaria** de xuño, a nota calcularase facendo a media aritmética das notas das tres avaliacións sen redondeo, pero poderase ter en conta a progresión do alumno/a ao longo do curso.

No caso do alumnado que con este cálculo da nota media non acade o 5 terá a oportunidade de presentarse a unha recuperación das avaliacións suspensas nun exame final antes da avaliación de xuño (convocatoria ordinaria). E de non superar dita proba debe presentarse a un exame na convocatoria extraordinaria de finais de xuño con toda a materia.

Avaliación extraordinaria:

Os alumnos que non acaden unha cualificación positiva na convocatoria ordinaria deberán presentarse á proba extraordinaria, que este curso se celebrará os días 20 ou 21 de xuño, e recibirán de parte da profesora as indicacións necesarias para dita proba que lle sirvan como referente para a súa preparación .

Esta proba obxectiva de contidos mínimos será cualificada de 0 a 10 e non se terán en conta as cualificacións obtidas durante o curso nin os traballos ou lecturas realizados. A cualificación será exclusivamente a que se obteña no exame escrito.

O alumnado superará a materia ao acadar unha cualificación igual ou superior a 5 despois de realizarse o redondeo.

Copia e plaxio

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna copiando ou facendo mal uso das instrucións para os exames, teriráselle inmediatamente a proba e porase nela unha cualificación de 0 puntos.

Nos traballos de creación propia, as respostas nas cales coincida todo ou parte palabra por palabra co texto orixinal do libro de texto, coas fotocopias ou con outros documentos ou fontes, como pode ser Internet, alleos aos materiais das clases; serán cualificadas cun 0.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. Teranse en conta os seguintes indicadores:

a) Planificación:

- Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
- Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.
- Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.
- Planifica as clases de maneira aberta e flexible.
- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula
- Prepara o material que se desenvolverá na aula.
- Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
- Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.

b) Motivación do alumnado:

- Dá a coñecer a planificación de cada contido ó inicio de cada sesión.
- Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.
- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensinoaprendizaxe.
- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos.
- Fomenta un bo ambiente na aula.
- Promove a participación activa do alumnado.
- Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
- Evita a repetición a fin de introducir elementos novidosos que motiven ao alumnado.
- O docente fai participar ao alumnado relacionando os contidos da materia cos acontecementos sociais, políticos e económicos que ofrezan os medios de comunicación.

c) Traballo:

- Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.
- Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.
- Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.
- Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.

- Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.
- Selecciona actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave

d) Avaliación do ensino-aprendizaxe:

- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
- Analiza os procesos e os resultados dos exercicios, probas e actividades en xeral para comprobar a súa adecuación ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Establece medidas que permitan introducir melloras ante os resultados non axeitados.
- Sinala nas diferentes probas teórico-prácticas, traballos e actividades os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras e rectificar ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe os erros cometidos.
- Proporciona indicacións durante a realización das probas, actividades e traballo na aula .
- Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e a realización de tarefas que se desenvolven durante a sesión de clase.
- Favorece os procesos de autoavaliación para que o alumnado sexa quen de comprobar se acadou os obxectivos.
- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.
- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos, directamente (na aula, na hora de atención a pais) ou a través do titor .

e) Outros indicadores da práctica docente :

- É adecuada a metodoloxía empregada.
- Úsase unha variedade de actividades suficiente.
- Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade
- Recóllese a coordinación con outros profesionais (departamento de orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
- Explica, como norma xeral, para todo o alumnado.
- Explica individualmente a cada alumno cando o precise.
- Combina o traballo individual co traballo en equipo.
- Potencia estratexias de animación á lectura.
- Potencia estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.

- Incorpora as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
- Presta atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
- Corrixe rapidamente as probas e traballos.
- Debate co alumnado sobre a corrección das probas e traballos.
- Posibilita que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
- Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.
- Avalía a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación .

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente responde son :

| 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|-------------------------------|------------------------------|---|
| desenvolvemento mínimo ou inexistente | desenvolvemento deficiente | desenvolvemento aceptable | desenvolvemento esperado e desexado |

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Neste curso 2021-2022 non hai alumnado coa materia de Lingua galega e literatura pendente.

10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS

Coa avaliación inicial pretendemos :

- × definir os coñecementos previos do alumnado
- × coñecer as súas competencias con relación ao currículo
- × concretar as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna emprega para a incorporación de novos coñecementos e habilidades, favorecendo así unha ensinanza máis eficaz

- determinar posible apoio do alumnado que mostre carencias na súa aprendizaxe por parte do PT

Nos primeiros días de clase presencial de setembro realizarase a proba inicial cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e /ou alumno,-a e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

O resultado desta proba porase de manifesto na reunión de preavaliación da xunta de profesores do grupo que se realiza a principios do mes de outubro.

O **modelo da avaliación inicial** é xeral e común a todos os cursos da ESO, pero adaptado ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada grupo. Comprende:

a) COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión escrita)

Lectura dun texto e resposta a diferentes cuestións sobre o contido do mesmo.

Composición escrita breve.

b) COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión oral)

Presentación individual indicando gustos, afeccións e recomendando un libro, película, serie ou videoxogo aos demais compañeiros.

c) FUNCIONAMENTO DA LINGUA

Cuestións sobre ortografía, fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico e semántica.

En 1º ESO e 2º ESO: realización dun ditado.

d) LINGUA E SOCIEDADE

Cuestións relacionadas coa orixe do galego e a situación do galego ao longo da historia e conceptos básicos : bilingüismo, plurilingüismo, linguas en contacto, linguas minorizadas, normalización, normativización, situación legal do galego....

e) LITERATURA

Cuestións relacionadas cos xéneros literarios, coas etapas e autores/as estudadas o curso anterior e comentario dalgún texto literario.

Tamén se empregarán , en caso de ser posible, os informes individualizados do curso anterior e as intervencións en clase do alumnado para obter unha valiosa información sobre a situación de cada un deles.

Unha vez detectadas as dificultades , procederase a rexistralas no caderno da profesora na ficha correspondente do alumno/a. A partir de aquí actuarase na propia aula proporcionando todo tipo de material de apoio e atención individualizada coa finalidade de superar ditos atrancos e

en casos moi específicos serán postos en coñecemento do persoal do centro especializado (Departamento de Orientación) durante a Preavaliación para poder aplicar medidas de apoio e/ou adaptacións curriculares se fose o caso. Cando se detecte algún tipo de carencia ou problema no proceso de aprendizaxe, a docente adaptará a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Resultados da avaliación inicial:

En 1º ESO os resultados da avaliación inicial foron moi positivos en todas as destrezas, xa que non hai ningún alumno/a que presente grandes dificultades en ningunha delas.

En 2º ESO algún alumnado mostra carencias na identificación de categorías gramaticais concretas, nas cuestións de lingua e sociedade e literatura e na expresión oral.

En 3º ESO hai carencias na identificación de categorías gramaticais concretas e todo o alumnado ten moitos problemas coas cuestións de Lingua e sociedade. Ademais algún alumno concreto ten grandes dificultades na expresión oral e escrita.

E en 4º ESO os resultados foron moi bos en comprensión e expresión, tanto escrita como oral, bastante aceptables en ortografía e gramática, pero bastante malos en Lingua e sociedade e en Literatura.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os docentes debemos educar en/e para a diversidade en cada grupo-clase porque o nivel académico, os intereses, grao de motivación, ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias dos alumnos e alumnas son moi diversos, de aí a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- con dificultades específicas de aprendizaxe.
- con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- con altas capacidades intelectuais.
- obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Polo tanto, o Departamento de Lingua galega e literatura actuará en consecuencia para atender este abano de alumnos con dificultades e aplicará as medidas necesarias para a consecución de resultados positivos:

- 1.-Adaptando o material didáctico.
- 2.-Variando a metodoloxía segundo as necesidades dos alumnos.
- 3.-Ampliando ou reducindo bloques de contidos segundo a capacidade do alumnado.
- 4.-Proporcionando actividades de aprendizaxe diferenciadas, de contidos básicos ou de reforzo e/ ampliación segundo o perfil do alumno flexibilizando o número de actividades propostas así como a data de entrega.
- 5.-Control de apuntamentos e axenda así como o recordatorio da entrega de tarefas, datas de probas obxectivas.
- 6.-Adaptación das lecturas obrigatorias ás peculiaridades do alumnado.
- 7.-Aplicando as medidas específicas para alumnado que presente TDAH (Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario de 2 de xullo de 2014), Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais e Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe editado pola Consellería.

O Departamento aplicará medidas específicas de atención á diversidade dentro da singularidade dunha actividade docente non presencial ou semipresencial como a adaptación das actividades programadas, seguimento das indicacións xerais que apuntan os diferentes protocolos. Así mesmo haberá unha comunicación cos alumnos e familias seguindo as indicacións pertinentes de Dirección, Orientación se fose necesario ademais dun intercambio de información cos titores e os profesores de apoio.

En canto á atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, estes terán en todo momento a posibilidade de realizar as tarefas no caderno persoal ou recibir as tarefas por medios non telemáticos como fichas fotocopiadas das diferentes aprendizaxes adaptadas á situación excepcional de non estar activo por mor de descoñecemento do uso das ferramentas dixitais (situación específica do alumno con necesidades especiais) ou por non posuír destrezas dixitais suficientes. Estas tarefas permitirán que este alumnado sexa autónomo na realización das mesmas e que a súa aprendizaxe sexa continua e flexibilizarse tanto os ritmos como os prazos de entrega. No caso de que xurdan incidencias o profesorado estará atento vía Abalar móbil, contacto telefónico ou correo

electrónico. Todas estas actividades serán corrixidas e enviadas de novo ao alumnado para favorecer a retroalimentación, actividade clave no proceso de ensino-aprendizaxe.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos contidos específicos da materia de Lingua galega e literatura, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a **igualdade**, a **responsabilidade**, a **solidariedade** e a **tolerancia**.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e que poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

Así, as accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia permitirán ao alumnado a integración dos seguintes valores para a súa formación como persoas e a continua observación de posibles actitudes contrarias á igualdade, respecto... e de resolución das mesmas pola vía do diálogo.

Primarán :

1. Igualdade efectiva entre homes e mulleres.
2. A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social
3. Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
4. Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia.
5. O respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

O Departamento de Lingua Galega e Literatura neste curso académico 2021-22 realizará actividades complementarias, que sexan viables tendo en conta o Protocolo Covid-19, centradas na normalización lingüística e na investigación arredor da cultura, xeografía, historia e tradicións de Galicia:

- Participación nas actividades organizadas pola Biblioteca.
- Implicación nas actividades levadas a cabo polo EDNL.
- Participación do alumnado no Concurso de Relatos Xosé Neira Vilas convocado polo concello de Boqueixón, en colaboración coas bibliotecas de ambas institucións (concello e centro educativo) que se vén realizando desde hai anos.
- Participación noutros concursos e certames literarios en colaboración con entidades diversas, intentando sempre que teñan un aproveitamento curricular e motivador no alumnado.
- Visualización de vídeos e fragmentos de películas que teñan que ver cos contidos de cada curso.
- E outras actividades que sexan compatibles coa situación de pandemia.

14. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O Departamento de Lingua Galega actuará de xeito activo no fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O Departamento colaborará plenamente no Proxecto Lector do Centro, e co Equipo da Biblioteca que forma parte desde hai anos do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares).

Os **obxectivos** fixados neste plan global son os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas na aprendizaxe.
- Potenciar e consolidar o hábito lector co fin de espertar o gusto pola lectura.
- Desenvolver a capacidade da comprensión lectora como técnica transversal no currículo de forma sistemática e integrada no contexto da clase.
- Desenvolver a expresión escrita como medio para facer lectores.
- Fomentar o valor da Biblioteca como centro de documentación e como utensilio de traballo imprescindible para o desenvolvemento de certos aspectos curriculares de todas as áreas.
- Implicar a toda a comunidade educativa no Proxecto Lector.

As **accións** previstas de acordo co proxecto lector son as seguintes:

- Favorecer o tempo adicado á lectura individual e silenciosa na aula.
- Seleccionar títulos de obras relacionados cos contidos da nosa disciplina, lecturas de entretemento, goce ou divulgación co fin de achegalas aos intereses do alumnado/lector.
- Proporcionar dicionarios de diferentes tipos, valorar o seu uso e potenciar o seu manexo.
- Colaborar co Equipo da Biblioteca para a selección das novidades editoriais e posterior incorporación ós fondos da nosa Biblioteca.
- Proporcionar ao Equipo da Biblioteca os títulos que o alumnado recomende para a súa compra e incorporalas igualmente ós seus fondos.
- Participar nas actividades propostas polo Equipo da Biblioteca .
- Seleccionar os títulos dos libros de lectura procurando que o número de exemplares na biblioteca do centro sexa elevado.
- Hora de ler. Dedicarase un tempo á lectura en silencio (15 minutos), tanto para o alumnado como para o profesorado na que se lerán textos de libre elección .
- Animar á lectura individual nos momento que o alumnado vaia acabando de facer o traballo de aula ou as probas escritas.
- Lecturas na hora de garda. Trátase de que as horas de garda sexan aproveitadas polo alumnado non só para traballar nas diferentes materias, senón tamén para ler literatura de ficción. Dedicaranlle 15 minutos.
- Fomentar a participación do alumnado no Concurso de Relatos Xosé Neira Vilas convocado polo concello de Boqueixón , en colaboración coas bibliotecas de ambas institucións: concello e centro educativo.
- Implulsar a participación en concursos literarios diversos.

O noso **itinerario lector**:

A selección de títulos para cada nivel foron escollidos con criterios de calidade e procurando que o alumnado goce da lectura. Haberá un libro obrigatorio por trimestre e outro optativo a maiores por trimestre dunha listaxe proposta ou seleccionado polo propio alumno/a.

Así, para este curso as obras literarias escollidas, suxeitas a posibles cambios en función das necesidades de distribución de libros ou en base a criterios pedagóxicos, son as seguintes:

Lecturas obrigatorias: 1º ESO

1ª avaliación: *Corredora* de María Reimóndez

2ª avaliación: *Chamádeme Simbad* de Francisco Castro

3ª avaliación: *Atranco no banco* de Manuel Núñez Singala

Lecturas obrigatorias: 2º ESO

1ª avaliación: *Maldito DNI* de Pepe Carballude

2ª avaliación: *Atranco no banco* de Manuel Núñez Singala

3ª avaliación: *Conta nove estrelas* de Andrea Maceiras

Lecturas obrigatorias: 3º ESO

1ª avaliación: *O corazón de Xúpiter* de Leticia Costas

2ª avaliación: *Europa Express* de Andrea Maceiras

3ª avaliación: *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas

Lecturas obrigatorias: 4º ESO

1ª avaliación: *Europa Express* de Andrea Maceiras

2ª avaliación: *Os vellos non deben namorarse* de Castelao

3ª avaliación: *Os nenos da variola* de María Solar

Lista de lecturas voluntarias: 1º ESO

- *A balada dos unicornios* de Leticia Costas (novela)
- *A mansión dos Pampín* de Miguelanxo Prado (cómic)
- *A pel do mundo* de Berta Dávila (poesía)
- *Ás de mosca para Anxo* de Fina Casalderrey
- *As flores radiactivas* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Astérix: O menhir de ouro* de René Goscinny (cómic)
- *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo (relatos)
- *Conta nove estrelas* de Andrea Maceiras (novela)
- *Esmeraldina, a pequena defunta* de Leticia Costas (novela)
- *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa (novela)
- *No corazón do bosque* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *O achado do castro* de Manuel Núñez Singala (teatro)
- *O misterio das badaladas* de Xabier P. Docampo (novela)
- *Os Barbanzóns: A noite de Samaín* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Os Barbanzóns: No solpor da Prehistoria* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Palabras de caramelo* de Gonzalo Moure (novela)
- *Perigo vexetal* de Ramón Caride
- *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro (poesía)
- *Trece anos de Branca* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* de Castelao
- *Usha* de María Reimóndez (novela)
- *Volvo! O regreso de Usha* de María Reimóndez (novela)

Lista de lecturas voluntarias: 2º ESO

- *A balada dos unicornios* de Leticia Costas (novela)
- *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre (novela)
- *A mansión dos Pampín* de Miguelanxo Prado (cómic)
- *A pel do mundo* de Berta Dávila (poesía)
- *A proba da auga* de Anêmona del Río (manga)
- *Ás de mosca para Anxo* de Fina Casalderrey
- *As flores radiactivas* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Astérix: O menhir de ouro* de René Goscinny (cómic)
- *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo (relatos)
- *Corredora* de María Reimóndez (novela)
- *Europa Express* de Andrea Maceiras (novela)
- *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa (novela)
- *María e mais eu* de María Gallardo e Miguel Gallardo (cómic)
- *O achado do castro* de Manuel Núñez Singala (teatro)
- *Os Barbanzóns: A noite de Samaín* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Os Barbanzóns: No solpor da Prehistoria* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Palabras de caramelo* de Gonzalo Moure (novela)
- *Perigo vexetal* de Ramón Caride
- *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro (poesía)
- *Poetízate* de Fran Alonso (poesía)
- *Trece anos de Branca* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* de Castelao
- *Usha* de María Reimóndez (novela)
- *Volvo! O regreso de Usha* de María Reimóndez (novela)
- *Xa non estou aquí* de Iria Misa (novela)

Lista de lecturas voluntarias: 3º ESO

- *A balada dos unicornios* de Leticia Costas (novela)
- *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre (novela)
- *A proba da auga* de Anêmona del Río (manga)
- *Bícame profe* de Kazuma kodaka (manga)
- *Conta nove estrelas* de Andrea Maceiras (novela)
- *Cousas* de Castelao (relatos)
- *Dúas moedas de Nuria Tamarit* (cómic)

- *Engurras* de Paco Roca (cómico)
- *Made in Galiza* de sechu Sende (relatos)
- *Makinaria* de Carlos Negro (poesía)
- *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa (novela)
- *María e mais eu* de María Gallardo e Miguel Gallardo (cómico)
- *Memoria do silencio* de Eva Mejuto (novela)
- *Os dous de sempre* de Castelao (novela)
- *Os vellos non deben namorarse* de Castelao (teatro)
- *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro (poesía)
- *Poetízate* de Fran Alonso (poesía)
- *Rapazas* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Trece anos de Branca* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* de Castelao (novela)
- *Unha estrela no vento* de Leticia Costas (novela)
- *Xa non estou aquí* de Iria Misa (novela)

Lista de lecturas voluntarias: 4º ESO

- *María e mais eu* de María Gallardo e Miguel Gallardo (cómico)
- *Poetízate* de Fran Alonso (poesía)
- *Xa non estou aquí* de Iria Misa (novela)
- *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro (poesía)
- *Unha estrela no vento* de Leticia Costas (novela)
- *Bícame profe* de Kazuma kodaka (manga)
- *Made in Galiza* de sechu Sende (relatos)
- *Os dous de sempre* de Castelao (novela)
- *Memoria do silencio* de Eva Mejuto (novela)
- *Unha primavera para Aldara* de Teresa Moure (teatro)
- *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza (relatos)
- *Un animal chamado Néboa* de Leticia Costas (relatos)
- *O club da calceta* de María Reimóndez (novela)
- *Tristes armas* de Marina Mayoral (novela)
- *Ninguén morreu de ler poesía* de Aldaolado
- *Resistencia* de Rosa Aneiros (novela)
- *Ámote Leo A.* de Rosa Aneiros (novela)
- *O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz (novela)

- *36-39. Malos tempos* de Carlos Giménez (cómico)
- *Engurras* de Paco Roca (cómico)
- *Dúas moedas* de Nuria Tamarit (cómico)
- *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (poesía)
- *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro (poesía)
- *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro (poesía)

15. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

As novas tecnoloxías da información e a comunicación forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de buscar e tratar a información, ata o punto de que se converteu na principal fonte de información para case todos. Por isto é preciso que ensinemos ao noso alumnado a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. Pero ademais, as novas tecnoloxías abren aos educadores novos camiños e formas de traballar na clase que poden resultar motivadoras para o alumnado e moi potentes desde o punto de vista didáctico.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación de novos métodos de ensinanza-aprendizaxe, e de construción do coñecemento . Neste curso 2021-2022 o curso de 1º ESO comezará a traballar con **Edixgal**, o que nos asegurará que todo o alumnado deste grupo contará cun ordenador persoal que empregará no centro educativo e tamén na casa. Nos demais cursos contaremos en cada un deles cos correspondente **Aula Virtual**. Ademais, o centro participa desde hai anos no Proxecto Abalar polo que parte do traballo de aula se realiza cos ordenadores persoais do alumnado. Para levalo a cabo estase traballando en:

1. Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de apuntamentos e/ou materiais de apoio, así como a utilización de portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
2. Cambiar a metodoloxía no proceso de ensinanza-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos acerque a novos métodos nos que o profesor sexa un guía para a construción de aprendizaxes significativas do propio alumnado.
3. Facer uso da rede para a obtención de información que complemente a aprendizaxe do alumnado como os correctores ortográficos, as enciclopedias, os xornais dixitais, as bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións, libros de lectura en pdf ou os dicionarios on line.

4. Diseñar os nosos propios recursos educativos.
5. Crear material de aula: presentacións audiovisuais e infografías para traballar algúns contidos con imaxes, esquemas, textos e actividades que se proxectarán ao longo da explicación na clase co obxectivo de facer máis interesante e rica a exposición do profesorado.
6. Potenciaranse actividades de busca de información en Internet. Serán actividades curtas que poden realizarse nunha clase, pero que tamén son susceptibles de converterse en actividades na casa.

En definitiva, o Departamento de Lingua Galega e Literatura comprométese a :

- Realizar un uso responsable das reservas de aulas e recursos informáticos.
- Colaborar en manter os recursos en funcionamento, comunicando ao coordinador das TIC ou calquera outro membro do Equipo as incidencias e avarías detectadas.
- Profundar na súa formación para a utilización de programas e recursos relacionados coas TIC.
- Seguir formándose nas ferramentas tecnolóxicas de información e comunicación para poder traballar dun xeito máis activo co alumnado segundo as circunstancias que se poidan dar neste curso 2021-22 por mor do COVID-19.

16. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar. Neste sentido, o Departamento de Lingua Galega e Literatura participará na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento do Plan de convivencia.

Deste xeito a profesora do Departamento :

- Participará na elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, directamente ou a través dos seus representantes nos órganos colexiados do centro, así como cumprir e facer cumprir ditas normas e disposicións sobre convivencia, no ámbito da súa competencia.
- Fomentará un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementares e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Manterá a orde e velará polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

- Informará ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos ou das súas fillas e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlará as faltas de asistencia así como os retrasos do alumnado e informará aos titores, segundo o procedemento establecido .

En xeral, todas as actividades complementarias e extraescolares que se realicen desde o Departamento tenderán a favorecer o clima de convivencia no centro.

17. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Departamento levará a cabo as accións necesarias encamiñadas á promoción da lingua galega dentro do centro, en colaboración cos outros departamentos, co equipo directivo e o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega.

O noso Departamento será un pilar fundamental na promoción da lingua galega ademais de apoiar e fomentar a súa normativización con :

- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado.
- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o persoal non docente.
- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o alumnado en todos os ámbitos e espazos do centro.
- Colaborar para conseguir que a actitude do alumnado cara á lingua galega sexa positiva a fin de poder usala en calquera situación.
- Colaborar para que todo o persoal docente e non docente teña competencia activa lingüística e comunicativa en galego, e solucionar calquera dúbida de tipo lingüístico que se lles presente.
- Colaborar co Equipo Directivo do Centro na solución de calquera dúbida de tipo lingüístico.
- Colaborar para que o galego sexa a lingua de comunicación oral e escrita entre os integrantes da ANPA e o resto da comunidade educativa.
- Colaborar para que o galego sexa a lingua das diferentes publicacións do centro.
- Colaborar para que os recursos das TIC (páxina web, blogues, etc) teñen a lingua galega como idioma de referencia.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación didáctica do Departamento chegará ao alumnado e ás familias por diferentes vías. Por un lado, a profesora lerá e **explicará ao alumnado** ao principio de curso os aspectos esenciais da programación: grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia, criterios de avaliación e cualificación, criterios de recuperación, temporalización e materiais e recursos didácticos. Por outro lado a programación estará a disposición da comunidade educativa na páxina **web do centro**.

A programación didáctica ficará sometida aos correspondentes mecanismos de revisión, avaliación e modificación polo que poderá sufrir variacións sempre en beneficio do proceso educativo e coa finalidade de mellorar a consecución dos obxectivos. Todas as modificacións que se fagan serán recollidas na correspondente acta, así como na memoria final de curso. Para isto, unha vez ao mes farase un seguimento do cumprimento da programación didáctica e unha revisión da mesma tendo en conta os seguintes indicadores:

- obxectivos xerais explicitados, tanto os indicados para toda a ESO como os xerais de cada curso, adecuándoos á realidade da práctica
- competencias básicas xerais que se propoñen, tanto de toda a ESO como de cada curso.
- contidos xerais de cada curso
- criterios de avaliación xerais de cada curso
- estándares de aprendizaxe
- temporalización dos contidos
- procedementos e instrumentos de avaliación
- libros de texto e de lectura
- criterios de cualificación
- metodoloxía didáctica (recursos)
- mínimos esixibles para a avaliación positiva
- medidas de atención á diversidade
- actividades complementaria e extraescolares, así como as relacionadas co Proxecto Lector de Centro e co Plan de Integración das TICs.

Todas aquelas modificacións e adaptacións da programación , tanto as debidas ao seu seguimento e posta en práctica como á súa propia avaliación recolleranse na memoria final de curso.

| Indicadores | | Nivel de logro | | |
|-------------------------------|--|----------------|-------|-------|
| | | Alto | Medio | Baixo |
| Obxectivos | Están correctamente fixados e asociados aos contidos | | | |
| Contidos | Inclúense todos os necesarios | | | |
| Temporalización | Determinouse con precisión | | | |
| | Respectouse a distribución temporal dos contidos | | | |
| | Respectáronse os exames programados | | | |
| | Respectáronse as actividades programadas | | | |
| Criterios de avaliación | Os criterios de avaliación son claros | | | |
| Os criterios de cualificación | Os criterios de cualificación están ben definidos | | | |
| Grao mínimo | Estableceuse o grao mínimo de consecución | | | |
| Estándares de aprendizaxe | Presentan claridade e concreción | | | |
| | Están correctamente interrelacionados cos criterios de avaliación e cualificación | | | |
| Competencias | Están recollidas as competencias clave interrelacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe | | | |
| Metodoloxía | É a adecuada tanto a didáctica empregada para a ESO | | | |
| Atención á diversidade | A programación das medidas de atención á diversidade foron as correctas | | | |
| | Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade (ACS...) | | | |
| | Recóllese a coordinación co Departamento de orientación para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe. | | | |
| Recursos | Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación | | | |
| Libros de lectura | É adecuada a selección de libros | | | |
| Criterios de cualificación | Son axeitados os criterios de cualificación | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| Procedementos e instrumentos de avaliación | Detalláronse todos os procedementos e instrumentos de avaliación | | | |
| Actividades complementarias e extraescolares | Están ben relacionadas as actividades complementarias cos contidos de cada curso | | | |

Esta Programación Didáctica foi revisada e modificada seguindo a Resolución do 17 de xullo 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para as ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

Setembro 2021

A xefa do Departamento de Lingua galega e literatura:

María Fe Pérez García